



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

Secretaría xeral  
Expediente: 2025000042551

## **RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN NÚMERO 50.316 DE 28 DE OUTUBRO DE 2025 POLA QUE SE AUTORIZA A CREACIÓN DO SELO ELECTRÓNICO DE ÓRGANO DA SECRETARÍA XERAL E SE APROBA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS AUTOMATIZADAS**

1. Vista a Resolución da Presidencia número 50.316 de 28 de outubro de 2025 pola que se autoriza a creación do selo electrónico de órgano da secretaría xeral e se aproba a realización de actuacións administrativas automatizadas.
2. Tendo en conta a Resolución número 57.036 con data 28 de novembro de 2025 pola que se autoriza a creación do selo electrónico de órgano da presidencia da Deputación provincial da Coruña e pola que se aproba a realización de actuacións administrativas automatizadas, entre outras, a relativa ás certificacións de resolucións e acordos dos órganos colexiados.

### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Modificar a Resolución da Presidencia número 50.316 de 28 de outubro de 2025 pola que se autoriza a creación do selo electrónico de órgano da secretaría xeral e se aproba a realización de actuacións administrativas automatizadas no seguinte sentido:

Onde di:

**Sexto.-** Dispoñer que o Servizo de Informática e Administración Electrónica realice os desenvolvementos e adaptacións necesarias para a aplicación do selo electrónico da Secretaría xeral da Deputación Provincial da Coruña de cara a automatizar as seguintes actuacións administrativas:

1. Notificacións de convocatorias das sesións de órganos colexiados da Deputación da Coruña aos seus membros, xeradas polo sistema de maneira automatizada, incluíndo o texto íntegro e asinada co selo de órgano de Secretaría xeral, xerando un rexistro de saída automático e un recibo xustificante da saída e da posta a disposición a cada un dos membros do órgano colexiado.

2. Certificación de exposición pública no taboleiro electrónico da Deputación da Coruña de anuncios que inclúe:

- a. Xustificantes automáticos de inserción e de reitada de anuncios no taboleiro de anuncios.
- b. Certificado automático da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios.

Os xustificantes e o certificado, como AAA serán seladas co selo de órgano da Secretaría xeral. O certificado require de sinatura da Secretaría xeral co visto e prace da Presidencia de xeito que, para o visto e prace será preciso ter autorizada a creación do selo electrónico da Presidencia que remate a AAA descrita.

Engádese:

3. Certificacións de resolucións e acordos dos órganos colexiados nos procedementos que se vaian automatizando configurándose para que, deseñados os formatos axeitados ao trámite administrativo, se poidan xerar as certificacións de forma automática seladas co selo de órgano da secretaria xeral e da presidencia.

Polo tanto, o texto definitivo da Resolución será o seguinte:

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

Primeiro. A implantación das Leis 39 e 40 de 2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e do Réxime Xurídico do Sector Público, conlevou e conleva a necesaria realización de múltiples actuacións para dar resposta ás esixencias da normativa.

Segundo. Unha das actuacións a levar a cabo foi o despregamento da sinatura electrónica para a súa aplicación nos actos e documentos enmarcados no procedemento administrativo, utilizando como mecanismo de sinatura os certificados electrónicos de empregado público ou os selos de órgano no caso de actuacións administrativas automatizadas (en diante AAA).

Terceiro. As AAA permiten a realización de actuacións administrativas integramente a través de medios electrónicos, sen necesidade de intervención de forma directa por parte dos empregados públicos, axilizando con iso a xestión dos expedientes administrativos e garantindo a dispoñibilidade dos servizos electrónicos ao permitir a súa aplicación as 24 horas do día os 7 días da semana.

Cuarto. O uso dos selos electrónicos na AAA permite a identificación do órgano

competente para ditar o acto administrativo que se trate, posibilitando tamén a redución dos prazos de tramitación de conformidade cos principios de racionalización e axilidade dos procedementos establecidos no artigo 3 da Lei 40/2015.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

Primeiro. O artigo 41 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, define a AAA como calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos por unha Administración Pública no marco dun procedemento administrativo e na que non interviñese de forma directa un empregado público.

Segundo. O apartado 2 do artigo 41 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro, recolle que, en caso de AAA, deberá establecerse previamente o órgano ou órganos competentes, segundo os casos, para a definición das especificacións, programación, mantemento, supervisión e control de calidade e, no seu caso, auditoría do sistema de información e do seu código fonte, indicando o órgano que debe ser considerado responsable a efectos de impugnación.

Terceiro. Así mesmo, no artigo 42 da Lei 40/2015 regúlanse os sistemas de sinatura para a AAA, consistentes no selo electrónico ou o código seguro de verificación.

Cuarto. O apartado 1 do artigo 40 da Lei 40/2015 establece que as Administracións Públicas poderán identificarse mediante o uso dun selo electrónico baseado nun certificado electrónico cualificado que reúna os requisitos exixidos pola lexislación de firma electrónica. Estes certificados electrónicos incluírán o número de identificación fiscal e a denominación correspondente, así como, no seu caso, a identidade da persoa titular no caso dos selos electrónicos de órganos administrativos.

Ademais, a relación de selos electrónicos utilizados por cada Administración Pública, incluíndo as características dos certificados electrónicos e os prestadores que os expiden, deberá ser pública e accesible por medios electrónicos. Cada Administración Pública adoptará as medidas adecuadas para facilitar a verificación dos seus selos electrónicos.

Quinto. O indicado no apartado anterior reproducése no artigo 19.1 do Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos. No apartado 2 do artigo 19, recóllese ademais que se publicará na sede electrónica ou sede asociada ou no portal de internet correspondente.

Sexto. A disposición adicional oitava do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, relativa ao exercicio electrónico das funcións reservadas establece que, aos efectos do exercicio en soporte electrónico das funcións reservadas aos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, os seus postos terán a consideración de órganos.

Sétimo. En cumprimento do artigo 4 da Ordenanza de Administración electrónica da Deputación da Coruña, a actuación da Administración provincial en xeral, e a referida ao impulso da Administración electrónica en particular, rexeráse polos principios xerais seguintes: “[...] *Principio de simplificación administrativa, polo cal se reduzan de maneira substancial os tempos e prazos dos procedementos administrativos, logrando unha maior eficacia na actividade administrativa*”.

Oitavo. A Ordenanza de Administración Electrónica da Deputación da Coruña, refírese aos selos electrónicos en distintos artigos e para distintas actuacións, tales como: no artigo 24 o recolle como medio de identificación e autenticación; no artigo 26 como medio de autenticar actos administrativos realizados de forma automatizada; no artigo 45 para a sinatura de copias electrónicas auténticas; no artigo 53 para o reselado ou outras funcións do arquivo; no artigo 59 para a sinatura da notificación de recibo ou xustificante no Rexistro de entrada e saída; no artigo 68 para as notificacións electrónicas ou no artigo 71 para garantir a integridade dos expedientes electrónicos.

Noveno. A disposición adicional da Ordenanza de Administración electrónica sinala que *“Autorízase á Presidencia da Deputación provincial para que adopte os acordos polos que se designe o órgano competente en materia de tecnoloxía, así como calquera outras disposicións que desenvolvan a presente ordenanza”*.

Por todo o exposto,

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.**– Autorizar a creación do selo electrónico da Secretaría xeral da Deputación Provincial da Coruña cuxa responsabilidade de uso corresponderá á Secretaría xeral que o utilizará como sistema de sinatura e acreditación do exercicio das súas funcións reservadas na realización dos actos e actuacións que se configuren como actuacións administrativas automatizadas.

**Segundo.**– Autorizar ao Servizo de Informática e Administración Electrónica para xestionar a solicitude de creación dun selo electrónico de órgano

denominado “Secretaría xeral da Deputación Provincial da Coruña” ante a autoridade de servizos de certificación que corresponda, así como a súa renovación.

**Terceiro.-** As características do selo electrónico de órgano da Secretaría xeral indicarán, entre outros, o seguinte:

- Nome do selo: “Secretaría xeral da Deputación Provincial da Coruña”
- Administración: Deputación da Coruña
- NIF: 000000000

A verificación da validez e comprobación da situación de non revogación do certificado poderá realizarse a través da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

O servizo de validación para a verificación dos certificados de selo electrónico será VALIDE (Aplicación de validación de firma y certificados online y demostrador de servizos de @firma) que será accesible a través da sede electrónica da Deputación da Coruña.

**Cuarto.-** Publicar as claves públicas do selo electrónico de órgano da Secretaría xeral utilizado no marco das actuacións administrativas automatizadas declaradas no apartado quinto da presente Resolución.

**Quinto.–** Autorizar aos servizos de Informática e Administración Electrónica e de Sistemas e Soporte para utilizar o selo electrónico de órgano da Secretaría xeral coa finalidade de asinar as seguintes actuacións administrativas automatizadas declaradas e a realizar as tarefas técnicas precisas para a súa implantación efectiva nos sistemas automatizados que dan soporte as actuacións e procedementos que se indican:

1. Xustificante de presentación de solicitudes ante o rexistro electrónico xeral, que inclúe:
  - a. Documento xerado cando se realiza un rexistro de entrada, conforme ao artigo 16.3 da Lei 39/2015.
  - b. Documento xerado cando se realiza un rexistro de saída, conforme o artigo 16 da Lei 39/2015.
2. Numeración automática das resolucións de órganos unipersonais (Presidencia e, no seu caso, Deputados/as delegados/as) procedentes dos tramitadores (Subtel, GTT ou outros), trala súa sinatura polo órgano competente.

3. Certificado de asistencia a cursos de formación incluídos no Plan de Formación da Deputación Provincial da Coruña, que require de sinatura da Secretaría xeral co visto e prace da Presidencia. O sistema xerará e selará, de maneira automatizada, os certificados de asistencia aos citados cursos de formación co selo electrónico da Secretaría xeral.

Para o visto e prace da Presidencia será preciso ter autorizada a creación do selo electrónico da Presidencia que remate a AAA descrita.

**Sexto.-** Dispoñer que o Servizo de Informática e Administración Electrónica realice os desenvolvementos e adaptacións necesarias para a aplicación do selo electrónico da Secretaría xeral da Deputación Provincial da Coruña de cara a automatizar as seguintes actuacións administrativas:

1. Notificacións de convocatorias das sesións de órganos colexiados da Deputación da Coruña aos seus membros, xeradas polo sistema de maneira automatizada, incluíndo o texto íntegro e asinada co selo de órgano de Secretaría xeral, xerando un rexistro de saída automático e un recibo xustificante da saída e da posta a disposición a cada un dos membros do órgano colexiado.

2. Certificación de exposición pública no taboleiro electrónico da Deputación da Coruña de anuncios que inclúe:

- c. Xustificantes automáticos de inserción e de reitrada de anuncios no taboleiro de anuncios.
- d. Certificado automático da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios.

Os xustificantes e o certificado, como AAA serán seladas co selo de órgano da Secretaría xeral. O certificado require de sinatura da Secretaría xeral co visto e prace da Presidencia de xeito que, para o visto e prace será preciso ter autorizada a creación do selo electrónico da Presidencia que remate a AAA descrita.

3. Certificacións de resolucións e acordos dos órganos colexiados nos procedementos que se vaian automatizando configurándose para que, deseñados os formatos axeitados ao trámite administrativo, se poidan xerar as certificacións de forma automática seladas co selo de órgano da secretaria xeral e da presidencia.

**Sétimo.-** Declarar como órganos responsables en relación coas actuacións administrativas automatizadas relacionadas no apartado anterior:

- a) A persoa titular da Secretaría xeral como órgano responsable da definición das especificacións destas actuacións administrativas automatizadas.
- b) O Presidente/a ou deputada/o delegada/o da/o que dependa o servizo de Informática e Administración Electrónica como órgano responsable da programación, mantemento, supervisión e control de calidade e, no seu caso, auditoría do sistema de información e do seu código fonte.
- c) O Presidente da Deputación Provincial da Coruña ou órgano provincial no que delegue como órgano responsable para os efectos de impugnación.

**Oitavo.-** Ordenar a dispoñibilidade na sede electrónica da Deputación da Coruña do selo de órgano da Secretaría xeral xunto coa relación de selos electrónicos da Deputación provincial, así como a información relativa ás características dos certificados e o prestador do servizo de certificación que os expida.

**Noveno.-** Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de Transparencia da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña. Esta Resolución surtirá efectos desde a súa publicación para as AAA definidas no apartado quinto e, a partir da súa implantación para as AAA definidas no apartado sexto.

**Segundo.-** Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de Transparencia da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña. Esta Resolución surtirá efectos desde a súa publicación para as AAA definidas no apartado quinto e, a partir da súa implantación, para as AAA definidas no apartado sexto.